



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

PROXECTO DE TRAZADO:

**ACTUACIÓNS NO ÁMBITO METROPOLITANO DA CORUÑA:
DUPLICACIÓN DA CALZADA DA AC-551 SABÓN – AG-55 E
REORDENACIÓN DA GLORIETA DE SABÓN**

CLAVE: AC/09/027.01

DECEMBRO 2010

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS

Proxéctase a reordenación da glorieta de Sabón mediante unha glorieta a tres niveis. Mantense a glorieta o seu nivel actual e proxéctanse un paso superior e mais un paso inferior. Así mesmo, defínense no proxecto outras actuacións complementarias como son a construción dunha vía lenta na estrada AC-0394 e o desdoblamento da AC-551.

O paso superior dá continuidade á estrada AC-552, evitando que os vehículos na dirección Coruña – Arteixo teñan que pasar pola glorieta. Proxéctanse tamén vías de servizo a ambos lados das ramplas de acceso que desembocan na glorieta.

O paso superior terá unha lonxitude de 262 metros, repartido en oito vanos de 30-4x35-30-32-30. A tipoloxía do taboleiro será a de caixón mixto, formado por unha viga caixón metálica de 1,25 m de canto e unha lousa de formigón de 0,25 m de espesor, presentando un canto total de 1,50 m. O ancho do taboleiro é de 11,0 m, repartidos en dous carrís de 3,50 m, beiravías de 1,50 m y pretilos de 0,50 m.

Os muros das ramplas, con lonxitudes de 90 e 75 m, serán de terra armada.

O paso inferior permite a comunicación directa ente a estrada AC-551 e o polígono Norte de Sabón, así como có futuro Porto exterior da Coruña. Proxéctanse tamén vías de servizo a ámbolos lados das ramplas de acceso que desembocan na glorieta.

O paso inferior terá unha lonxitude de 275 metros. A sección no seu interior está formada por dúas calzadas separadas por barreira ríxida de 0,60 m, cada unha de elas ten un carril de 3,50 m, beiravía exterior de 1,00 m e interior de 0,50 m. A execución realizarase mediante muros pantalla e lousa alveolar no dintel.

O tramo interior ó anel da glorieta non se cubrirá coa lousa, quedando polo tanto un tramo de 53 m descuberto, e resultando por tanto dous túneles de 53,5 e 168,5 metros de lonxitude. Por ser a lonxitude da parte cuberta inferior ós 200 metros, o RD 635/2006 de Seguridade en Túneles non establece ningunha instalación de seguridade.

O paso inferior cruza baixo a pasarela peonil sen ser necesaria a súa demolición, debido a que a cimentación da mesma deseñouse previndo un paso baixo dela. Este feito obriga a modificar a sección tipo do paso, pasando a dispor dous



marcos independentes separados 3 m, enchendo este espazo con formigón para que a zapata da pasarela quede convenientemente arriostrada.

Como complemento á reordenación da glorieta e para conseguir unha mellora do nivel de servizo, tamén se actuará na estrada AC-0394, conexión entre o polígono Sur de Sabón e a glorieta, dotándoa dunha vía lenta no sentido de entrada ó polígono nos seus primeiros 900 metros.

Ademais das obras no entorno da glorieta, a estrada AC-551 desdóbrase, pasando a ter dúas calzadas de dous carrís separadas por mediana rixida de formigón. O comezo do desdoblamento prodúcese unha vez terminado o enlace do Polígono de Morás, actualmente desenvolvido por Xestur.

INVESTIMENTO

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	11.856.458,19 €
ORZAMENTO DE EXPROPIACIÓNS	724.302,06 €
ORZAMENTO DE SERVIZOS AFECTADOS	108.312,80 €
ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMÓN	12.689.073,05 €